



alén das CATEDRAIS...

Rutas para descubrir
este recanto de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Turismo de Galicia www.turgalicia.es

Diseño, maquetación e redacción:

 Aporta Comunicación www.aportacomunicacion.es

Arquivo fotográfico:

Turismo de Galicia www.turgalicia.es

Imprime: Lasa

Depósito Legal: 2015

- Rutas de entre 1 e 2 horas
- Rutas de entre 2 e 3 horas

índice

02 Introducción

02 | Alén das Catedrais

04 Mar e natureza infinita

- 06 | ❶ A ría azul de Ribadeo
- 08 | ❷ Das Catedrais a Rinlo
- 10 | ❸ De Rinlo a illa Pancha
- 12 | ❹ Barreiros é mar
- 14 | ❺ Rinlo, berce do percebe

16 Percorridos pola historia

- 18 | ❻ Os pasos do mariscal Pardo de Cela
- 20 | ❼ Historia e mar en San Cibrao
- 22 | ❽ Lourenzá, a terra da faba
- 24 | ❾ A cultura castrexa na Mariña

26 Pegada industrial

- 28 | ❿ A cerámica de Sargadelos
- 30 | ⓫ A pesca do bonito en Burela

32 Ollada á arquitectura

- 34 | ❿ O recordo indiano en Ribadeo
- 36 | ⓭ A riqueza de Mondoñedo

38 Praias e miradoiros



ALÉN DAS CATEDRAIS.

As Catedrais é unha das mellores praias do mundo. Toda a beleza e maxia concéntranse neste monumento natural que ofrece unha imaxe de postal inesquecible.

Pero... que facer preto deste tesouro? Natureza, mar e montaña, historia e tradición, artesanía, cultura, arquitectura, gastronomía,... Tendo como punto de partida a praia das Catedrais hai un amplo abano de posibilidades neste recuncho de Galicia. Coñéceas e detente nelas, gózaas paseniño. Namorarás.



Visitar As Catedrais

Durante os meses de verán (do 1 de xullo ao 30 de setembro) e en Semana Santa é preciso solicitar unha autorización. Esta é gratuíta e pódese conseguir online na web

<http://ascatedrais.xunta.es>

Nesta terra sempre hai algo que sorprende a cada paso. Nestas páxinas atoparás unha selección de lugares e recursos ben articulados para facilitarche a túa experiencia. A premisa é que poidas coñecer este recanto de Galicia como máximo en tres horas, contando os desprazamentos e as propias visitas. Para que o fagas dun xeito relaxado estas son as rutas que che propoñemos.

Explorando a zona e mergullándote nela levarás un recordo distinto. Con propostas desde unha a tres

horas descubrirás lugares que tamén pagan a pena. Convidámote a percorrer ata trece rutas de distintos tempos e temáticas variadas. Cada unha delas achegarache unha experiencia única. Non deixes que cha conten e elixe a túa!

MAR E NATUREZA INFINITA

Praias enfeitizadoras, calas solitarias e fascinantes cantís adornan este privilexiado litoral que che propoñemos percorrer vagarosamente.

- Rutas de entre 1 e 2 horas
- Rutas de entre 2 e 3 horas



Che de cores e diversidade, natureza salvaxe e caprichosa, postas de sol maravillosas... Se de algo presume Galicia é da beleza da súa costa, das paisaxes que quedan gravadas nas retinas dos visitantes.

Se non queres coller o coche, das Catedrais a Rinlo 2 e Barreiros é mar 4 son as rutas idóneas para os máis activos. Partindo do areal podes camiñar cara a un ou outro lado e internarte nunha contorna máis natural no primeiro caso ou no longo paseo ma-



Forte de
San Damián
(Ribadeo)



Rinlo

Porto de
Porcillán e ría
de Ribadeo

rítmico que debuxa todo o litoral do municipio de Barreiros.

De Rinlo a illa Pancha ③ e desde aquí, e ao longo da súa “ría azul” ①, ata Ribadeo gozarás andando por un sendeiro que separa a terra do mar. Para achegarte ata o punto de inicio destas rutas precisarás coche.

Non perdas a oportunidade de saborear Rinlo ⑤, un encantador barrio mariñeiro que conserva unha gastronomía que nos lembra que desta vila eran noutro os mellores mariscos do Cantábrico. A proba: as antigas cetarias naturais onde estes se cultivaban, que tanto lle deben á forza do poderoso mar.

1

A RÍA AZUL DE RIBADEO

Paseo desde o faro ata o porto ribadense

- ▶ Desde o encantador faro de illa Pancha ata o porto deportivo de Porcillán discorre un paseo pola marxe esquerda da ría de Ribadeo, que domina o percorrido. Esta ruta continúa máis aló da vila ata o Muíño das Aceas por unha zona arborada. Propoñémosche gozar do primeiro tramo ata o porto, aos pés do casco vello. Os ribadenses fixeron deste percorrido o seu lugar favorito para pasear, animáste a descubrir o porque?



- **PERCORRIDO**
2,5 km
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media - alta
- **TEMPO TOTAL**
1h 30 min en coche
2h 30 min a pé

1

FARO DE ILLA PANCHA

📍 43°33'19.9"N 7°02'31.6"W

A construción cadrada corresponde ao faro primitivo (1859). En 1984 deixa de funcionar ao entrar en servizo a nova torre que se levantou á súa beira. A maxia inunda o lugar cada atardecer, ao encender a luz da lanterna. Estás no último faro do norte de Galicia. En fronte, a veciña Asturias.

2

FORTE DE SAN DAMIÁN

📍 43°32'45.8"N 7°02'11.9"W

Deixando atrás o faro, camiño de Ribadeo, atoparás o foxo e os grosos muros dun antigo forte (s. XVIII) que protexía a ría dos posibles ataques inimigos e constitúe a mellor testemuña da arquitectura militar da vila.





O Cargadoiro



Porto deportivo de Porcillán

Que máis ver?

Ribadeo

📍 43°32'10.3"N 7°02'23.2"W

Non podes marchar sen coñecer o centro de Ribadeo. Pasea pola zona vella, de casas coloridas e rúas estreitas que baixan cara ao porto. Logo, has chegar ao centro, onde se conservan os edificios de arquitectura indiana, construídos polos emigrantes con estilos traídos de América. Atopa máis información na ruta “O recordo indiano en Ribadeo” (páxina 34).



🚗 1 min

🚶 2 min

🚗 2 min

🚶 5 min

🚗 3 min

🚶 10 min

3

4

5

O CARGADOIRO

📍 43°32'41.9"N 7°02'12.9"W

Xusto despois de San Damián este curioso miradoiro transpórtanos tamén ao pasado industrial da comarca. Podes percorrer ata o final a pasarela, usada antes para descargar nos barcos o ferro que o tren traía ata aquí. Terás unha panorámica diferente da ría. Abaixo, unhas pequenas calas que se abren na costa escarpada. En fronte, Asturias.

CAPELA DE SAN MIGUEL

📍 43°32'32.4"N 7°02'15.2"W

Seguindo a estrada, tras pasar baixo a ponte dos Santos que nos leva a Asturias, podes contemplar a ría desde esta capela. Aos teus pés, o porto deportivo.

PORTO DEPORTIVO

📍 43°32'28.6"N 7°02'15.5"W

O de Porcillán é un dos portos deportivos máis importantes de Galicia e dos poucos que presumen de bandeira azul. No seu paseo marítimo, moi frecuentado polos turistas, ademais de observar as numerosas embarcacións que amarran no porto ou practicar distintos deportes náuticos como

vela, esquí acuático ou windsurf, tamén encontrarás restaurantes onde degustar ricos pratos cos mellores produtos do mar.


2 DAS CATEDRAIS A RINLO

O balcón cantábrico galego

- Deporte e natureza únense neste sendeiro que che permitirá coñecer parte do litoral de Ribadeo. Praias, acantilados, castros,... Unha paisaxe abraiante ao longo dun mar cheo de vida.

A senda non é continua, pois hai tramos nos que saíras á estrada, seguindo as indicacións que atoparás ao longo do camiño natural.

A praia dos Castros e os seus arcos nos acantilados



É habitual facer esta ruta en bicicleta



- **PERCORRIDO**
7,5 km
- **DIFICULDADE**
Media
- **ACCESIBILIDADE**
Media - baixa
- **TEMPO TOTAL**
3h

As Catedrais



Cetaria
de Rinlo

1

OS CASTROS

📍 43°33'17.6"N 7°08'03.7"W

Deixaches atrás as praias de Esteiro e Illas. Na dos Castros achégate ao miradoiro sobre o acantilado que divide o areal para observar as súas covas. Baixa, se a marea o permite. Non ten nada que envexar ás Catedrais!

2

CETARIA DE RINLO

📍 43°33'34.5"N 7°06'24.9"W

Antes de chegar a esta cetaria verás os restos doutra (s. XX). Estes viveiros tan peculiares son mostra do aproveitamento do poder da natureza. Eran criadeiros naturais grazas a unha canle de auga formada pola erosión do mar. Nos anos 90 foron abandonadas e agora pódense visitar e recordar que nelas se criaban os mellores mariscos da zona.

Que máis ver?



Rinlo

📍 43°33'25.3"N 7°06'16.3"W

Podes camiñar ata a vila mariñeira de Rinlo e aí saborear a súa gastronomía (páxina 14). Seguro que é unha boa opción para coller forzas antes da volta ás Catedrais.



- **PERCORRIDO**
7 km
- **DIFICULTADE**
Media
- **ACCESIBILIDADE**
Media - baixa
- **TEMPO TOTAL**
3h

3 DE RINLO A ILLA PANCHA

O último tramo da costa galega



- Acantilados, caprichos da natureza, castros,... Ante os teus ollos descubrirase unha paisaxe espectacular nunha senda litoral que une a pequena vila de Rinlo e illa Pancha, preto do centro de Ribadeo. A ruta é ideal para aqueles máis aventureiros e deportistas, que seguro a farán nas 3 horas programadas.

Que máis ver?



Rinlo

43°33'25.3"N 7°06'16.3"W

Comezaches a ruta nas aforas de Rinlo. Non podes marchar sen coñecer este barrio mariñeiro de rúas estreitas e saborosos mariscos (páxina 14).

1

RINLO

43°33'27.7"N 7°06'03.6"W

A ruta comeza ás aforas de Rinlo, onde se sitúa unha das antigas cetarias da vila. Aquí poderás deixar o coche e comezar este camiño natural. As indicacións son claras, polo que ao longo do percorrido saberás en que tramo debes saír á estrada e cando volver a incorporarte á senda.



Atardecer desde
o castro das
Grovas

Faro de illa
Pancha



"Enseada da
Vella" desde o
castro da Piñeira

35 min

30 min

20 min

2 CASTRO DA PIÑEIRA

📍 43°33'11.5"N 7°04'33.5"W

Deixando atrás a pequena aldea mariñeira de Rinlo, a andaina pasa polo castro da Piñeira ou Fornelos, un dos numerosos exemplos de castros marítimos desta costa. A pouca distancia atoparás un lugar máxico desde o que ver uns acantilados esculpidos polo mar de xeito xenuíno.

3 CASTRO DAS GROVAS

📍 43°33'16.2"N 7°02'57.7"W

Pasando a praia da Areosa, chegarás ao castro das Grovas. O lugar convértese nun miradoiro sobre a costa, máis accidentada e espectacular se cabe. Os atardeceres son verdadeiramente especiais neste punto.

4 FARO DE ILLA PANCHA


📍 43°33'19.9"N 7°02'31.6"W

O vello faro de illa Pancha (1859) cede o protagonismo ao novo (1984), unha torre de estilo moi mariñeiro pintada de azul e branco. Atópase nunha contorna clave para o avistamento de aves e nun lugar tranquilo onde descansar logo desta intensa ruta. O faro non é visitable pero terás diante de ti unha imaxe de postal a calquera hora do día.

4 BARREIROS É MAR

Paseo marítimo das Catedrais a punta Angueira

- O paseo marítimo do municipio de Barreiros é unha auténtica marabilla. Se che gusta camiñar escolle esta ruta. Ao carón dunha costa escarpada e de praias de area branca descubrirás a beleza do Cantábrico a pouca altura do nivel do mar. O percorrido convértese en si mesmo nun perfecto miradoiro sobre este litoral.



Costa acantilada desde punta do Castro



Punta Corveira



Praia de Fontela



1

PUNTA DO CASTRO

📍 43°33'42.3"N 7°10'44.2"W

Deixando atrás os acantilados das Catedrais (xa andaches 3 km), e pasando por unha zona de areal, chegarás á punta do Castro. Observas desde aquí a coñecida como rasa cantábrica? Unha característica xeolóxica propia desta zona, que destaca por unha costa plana, acantilada e de pouca altura sobre o nivel do mar.

Que máis ver?



Punta Angueira

📍 43°33'57.7"N 7°14'35.2"W

A praia de punta Angueira (a 4 km de Fontela) é a última de Barreiros, un municipio cun litoral de máis de 8 quilómetros de longo. Fronte a esta enseada podes ver a vila de Foz e a ría do mesmo nome, unha paraxe de grande importancia natural.



- **PERCORRIDO**
5 km
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media - alta
- **TEMPO TOTAL**
2h 20 min

PUNTA CORVEIRA

📍 43°33'43.8"N 7°11'04.3"W

Punta Corveira separa a praia da Pasada (que acabas de ver) e o extenso areal de Lóngara, tamén coñecido como Benquerencia. É un pracer camiñar cunhas magníficas vistas para ambas as marxes da costa de Barreiros.

PRAIA DE FONTELA

📍 43°33'40.9"N 7°12'03.2"W

A praia natural de Fontela goza de bandeira azul. O seu nome débese a unha fonte que hai no areal e que noutros tempos era de auga potable e usada polos veciños. Ideal para os amantes do surf, chamaranche a atención as pequenas rochas que emerxen da area e onde baten as ondas do mar. A máis grande é coñecida como "Pena do Castro", pois aquí

situábase un antigo castro do que xa non queda vestixio.

O paseo continúa ata punta Angueira, na ría de Foz. Por cuestión de tempo recomendamos dar volta aquí pero, se te atopas con forzas, non dubides en finalizar o percorrido.

5

RINLO, BERCE DO PERCEBE

Unha das
antigas
cetarias que se
conservan



- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media
- **TEMPO TOTAL**
1h

Un barrio mariñeiro para gozar da gastronomía

- Contan os máis vellos do lugar que Rinlo nace a partir dun antigo porto baleeiro. Hoxe é unha pequena vila mariñeira con moito encanto que dá conta dun pasado no que era a capital do marisco grazas ás súas cetarias. Namorarás da gastronomía local, baseada nos produtos do mar de calidade. Ven con apetito e proba o arroz con lumbricante ou os famosos percebes de Rinlo. E se estás aquí en agosto, goza coa festa para degustar este prezado marisco.




Que máis ver?

Casco histórico de Ribadeo

📍 43°32'10.3"N 7°02'23.2"W

Se che gusta a arquitectura consulta a ruta "A pegada indiana en Ribadeo" (páxina 34), onde descubrirás as mellores mostras de estilo indiano de toda Galicia. Edificios ben conservados, rechamantes e exemplo do poderío daqueles que emigraban a América (Cuba, México ou Arxentina).





Casa de don Inocencio



Rinlo é famoso polos seus percebebs



1 CETARIA

📍 43°33'34.5"N 7°06'24.9"W

Antes de chegar a Rinlo visita unha das antigas cetarias (s. XX). Estas empregaban a auga do mar, que de forma natural creou piscinas entre os acantilados, aproveitándose para criar os diferentes mariscos que lle deron a fama á vila.

2 BARRIO MARÍNEIRO

📍 43°33'25.3"N 7°06'16.3"W

Desde a cetaria baixa ata o porto e logo cruza a ponte sobre o río. Desde aquí podes ver o barrio levantado á súa beira, con casas peculiares, adosadas e con cubertas a dúas augas. Fíxate nas diferenzas, as de maior altura contaban cun lugar para almacenar as artes de pesca mentres que as máis baixas teñen anexa unha dependencia para tal fin.

Na pequena e acolledora praza con vistas ao porto poderás saborear os mellores pratos da gastronomía local.

3 CASA DE DON INOCENCIO

📍 43°33'26.4"N 7°06'14.7"W

Rinlo tamén é arquitectura indiana grazas aos veciños que emigraban a América. A súa icona é a casa de don Inocencio (1912). É a casa máis grande e alta do barrio, polo que a recoñecerás enseguida. No tellado ten unha especie de balcón e unha cúpula que recorda a lanterna dun faro. E efectivamente, foi empregada para este fin, sendo o primeiro faro do Cantábrico instalado nun edificio privado e custeado, no seu momento, polo propietario.



PERCORRIDOS POLA HISTORIA

Somérxete no rico e apaixonante pasado deste recuncho de Galicia: vilas mariñeiras con historia, construcións castrexas ao lado do mar, arquitectura medieval e lendas... Que elixes?



Fachada do
mosteiro de
San Salvador
(Lorenzá)

Torre da
Homenaxe de
Castro de Ouro
(Alfoz)



Muíño de
auga en
Finca Galea
(Alfoz)



- Rutas de entre 1 e 2 horas
- Rutas de entre 2 e 3 horas



Respirar o ambiente de vilas que viven do mar, descubrir un dos mellores exemplos de castros mariños en toda Galicia para transportarnos á época prerromana, visitar fortalezas con encanto,... Un bo comezo para percorrer a nosa historia.

Deixaraste atrapar polas numerosas lendas. Da do mariscal Pardo de Cela ⑥ quédannos os restos dos seus castelos. Precisamente por non querer devolvelos foi condenado a morte, loitando contra o bispado de Mondoñedo e os Reis Católicos ata que foi executado.

Viches algunha vez ósos de baleas? Poderás facelo en San Cibrao ⑦, unha vila

mariñeira do municipio de Cervo, onde os restos dos cetáceos dominan toda unha sala dun museo totalmente accesible.

No interior, as terras de Lourenzá ⑧ destacan pola súa faba. Aquí abraiarate a arquitectura do mosteiro de San Salvador (s. XVII), cuxa fachada se considera precedente da catedral de Santiago. A cultura castrexa na Mariña ⑨ trasládanos ao século I, tempo do que data o castro de Fazouro (Foz).



6

OS PASOS DO MARISCAL Pardo de Cela


Volta ao pasado medieval de Alfoz



- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media - baixa
- **TEMPO TOTAL**
2h 20 min

- Esta ruta transportarate ao interior da Mariña, ao Alfoz dos tempos do antigo Reino de Galicia e, sobre todo, achegarate á figura do mariscal Pardo de Cela, señor feudal que loitou ata a súa morte contra os Reis Católicos e o bispado de Mondoñedo. Proba a preguntarlle aos máis vellos do lugar, teñen moito que contar!

Se estás por aquí a terceira fin de semana de xullo vivirás un auténtico mercado medieval do 1483, ano no que foi apresado o mariscal neste lugar. Espectáculos, artesanías e comida combínanse nesta celebración.



1

TORRE DA HOMENAXE

📍 43°31'39.6"N 7°24'32.1"W

Ao lado da igrexa de San Salvador, Pardo de Cela posuía este imponente castelo de Castro de Ouro (s. XV), de estilo gótico e construído sobre un estratéxico castro con vistas sobre o val.


Hoxe consérvase a Torre da Homenaxe, que alberga a Oficina de Turismo de Alfoz (aberta só no verán). Non fai falta entrar no edificio para recrearse con el. O seu exterior chamará a túa atención xa antes de chegar e, ademais, poderás gozar da verde contorna, onde hai mesas de recreo para pasar unha agradable xornada.





Muíño en funcionamento no Museo da Auga

Casa do s. XIX de Finca Galea



MUSEO DA AUGA FINCA GALEA

43°31'57.7"N 7°24'32.6"W

A visita a este museo é imprescindible para os amantes da natureza. Un feroso lugar cheo de recordos do pasado onde a auga é protagonista. Un recurso tan indispensable para a vida ponse en valor en Finca Galea, onde a canle desvía a auga do río Ouro para devolvela ao mesmo máis tarde.

Neste parque etnográfico poderás ver o funcionamento dun muíño, un dos poucos batáns que se conservan en toda a costa cantábrica, fontes,... Ademais, darás un agradable e tranquilo paseo entre amieiros, camelias

(de máis de 226 anos!), carballos e castiñeiros.

Horario:

Luns a domingo: de 10.30 a 13.30h e de 15.30 a 19.30h.

Teléfono: 982 571 236
Consultar prezo.

Que máis ver?



Pico da Frouxeira

43°32'12.5"N 7°21'20.0"W

A 20 minutos atoparás o monte da Frouxeira (Foz), onde se conservan as ruínas doutra fortaleza do mariscal Pardo de Cela. Iso si, apto para os máis deportistas e aventureiros, pois hai que subir a pé ata o pico (427 m), para gozar da panorámica que domina a ría de Foz e as terras de Alfoz e do Valadouro.





Faro de punta Atalaia

Praia Cubelas

7 HISTORIA E MAR EN SAN

Un museo para descubrir a vila mariñeira

- Somérxete nesta historia do mar e descubre a industria da pesca, o mundo da navegación e a biodiversidade da costa luguesa. Todo sen saír do Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo). Visitalo é imprescindible se te atopas nesta pequena vila mariñeira que, por suposto, nos ofrece moito máis: praias, natureza e paisaxe con restos do noso pasado.



Xigantes ósos de baleas chaman a atención no Museo Provincial do Mar



Que máis ver?

Carpintería de ribeira

📍 43°41'36.5"N 7°26'48.2"W


Moi preto do museo, á beira do río Lio, visita unha carpintería de ribeira tradicional, única en toda a comarca. Entrar neste obradoiro supón embriagarse co olor a madeira e coñecer de primeira man o proceso de elaboración artesanal dunha embarcación.



Francisco Fra, o dono, conta-rache a historia do estaleiro a través das fotografías que conserva. Son sete xeracións e máis de 200 anos de tradición.

Horario: de luns a domingo.
Reservar con antelación.
Teléfono: 677 595 676.
Consultar prezo.

CIBRAO



🚗 2 min

🚶 10 min

🚗 1 min

🚶 5 min

1

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

📍 43°41'44.3"N 7°26'30.8"W

Situado no edificio dun antiga escola indiana, este museo é o reflexo da vida mariñeira da costa luguesa. Nel poderás facer un percorrido pola súa riqueza biolóxica e etnográfica, coñecer as artes de pesca da zona así como todo tipo de embarcacións e instrumentos de navegación. Pero, en dúbida, quedarás impresionado na sala das baleas, onde se exhiben os ósos destes cetáceos (s. XVIII e XX), cuxa pesca era habitual

nos portos da Mariña, sobre todo no da localidade de Xove. O museo é totalmente accesible, destacando a información en braille que se atopa na entrada.

Horario:

Outubro a maio: de 11.00 a 14.00h e de 16.00 a 19.00h.
Xuño a setembro: de 11.00 a 14.00h e de 17.00 a 20.00h.
Domingos e festivos só pola mañá. Luns pechado.

Teléfono: 982 594 572

2

PRAIA CUBELAS

📍 43°41'52.6"N 7°26'14.3"W

Nesta praia podes ver o chamado "castelo mariño", que en realidade son as ruínas dunha antiga fábrica de salgadura. Tes que cruzar a praia para chegar ata el, xa que se sitúa nunha formación rochosa na beira do mar.

3

FARO DE PUNTA ATALAIA

📍 43°42'01.6"N 7°26'12.6"W

O primeiro faro foi construído en 1864 e renovado nos anos 20 do século pasado. Na actualidade consta de dúas torres, unha primitiva sobre o propio edificio e, ao seu lado, a actual de máis altura.

Desde este recuncho de tranquilidade acompañada polo son do mar podes observar os Farallóns, tres illotes (Sombriza, Pé e Baixa) onde tantos barcos naufragaron antes de poder chegar a terra.

8

LOURENZÁ, A TERRA

O mosteiro: culto, arquitectura e
interpretación da faba



Que máis ver?


Fortaleza de Tovar

📍 43°26'27.9"N 7°16'20.2"W

A tan só 10 minutos en coche desde Vilanova de Lourenzá atoparás este impresionante pazo. O edificio foi rehabilitado e acolle o Centro de Interpretación dos Pazos Galegos así como outras exposicións itinerantes de artistas locais. Pintura, fotografía e vídeo-creación conviven no interior deste edificio do século XVI. Non marches sen subir ás torres da fortaleza, mostra do seu pasado militar desde onde terás unha espectacular panorámica da contorna e das plantacións de faba que florecen no verán.

Horario:

Abril a outubro: de 10.00 a 13.00h e de 16.00 a 20.00h.
Novembro a marzo: de 10.00 a 14.00h.
Luns pechado.
Teléfono: 688 909 329
Consultar prezo.



- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Baixa
- **TEMPO TOTAL**
1h 20 min



Mosteiro de San Salvador

DA FABA

- Encrucillada de camiños desde hai séculos, verde e fértil, o val de Lourenzá é famoso pola súa faba. Convidámoste a mergullarte no mundo deste produto, que goza do distintivo de Denominación de Orixe Protexida (DOP). A outra opción é visitar o mosteiro de San Salvador (s. XVII), unha xoia arquitectónica cunha fermosa fachada barroca, considerada precedente da catedral de Santiago.



1

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABA

📍 43°28'14.7"N 7°17'55.7"W

O primeiro que chamará a túa atención será o edificio que alberga este museo, pois son as cuadras dos cabalos do mosteiro de San Salvador. Xa dentro descubrirás a historia da faba e o seu cultivo desde época antiga. O centro conta cunha sala de carácter etnográfico con apeiros de labranza do pasado e actuais.

Non podes marchar sen achegarte á exposición de cartaces da Festa da Faba, celebración de interese turístico de Galicia. Recorda que ten lugar o primeiro domingo de outubro!

Horario:

Luns a venres: 12.00h (visita guiada).

Teléfono: 982 121 006

2

MONTEIRO DE SAN SALVADOR

📍 43°28'14.2"N 7°17'53.5"W

O mosteiro de San Salvador (s. XVII) acolle no seu interior un museo de arte sacra, cunha importante colección de pinturas, esculturas ou imaxinería. Entre elas a Pedra de Ara, a única que se conserva do edificio orixinal (s. IX).

Támén podes visitar a igrexa e, na capela de Valdeflores, observar o sepulcro (s. V) de Osorio Gutiérrez, o conde

Santo, en perfecto estado de conservación. Nas festas patronais (finais de agosto) o sepulcro ábrese para que os fieis proben a tocar os restos do conde, nun orificio debaixo da súa tumba.

Horario:

Luns a venres: 12.00h e 16.00h.

Sábado: 12.00h.

Teléfonos: 982 121 006 / 982 121 104

9

A CULTURA NA MARIÑA



- **PERCORRIDO**
7 km
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Baixa
- **TEMPO TOTAL**
1h 50 min

O castro de Fazouro e a beleza natural de Foz

► Fazouro é o mellor achegamento á cultura castrexa en Galicia, unha volta ao pasado dos pobos que habitaron o lugar aló polo século I. Ao tempo, gozarás da rica paisaxe natural do municipio de Foz, das súas praias e da ría, un dos mellores espazos para a observación de aves. Aquí crían, por exemplo, o corvo mariño, a garza pequena, o lavanco, o pato rabilongo, o mazarico galego,... Pasea ao carón da ría e somérxete neste recuncho natural.



Edificio do Cenima no popular barrio da Ribeira



1

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MARIÑA (CENIMA)

43°34'03.5"N 7°15'12.9"W

Cunha arquitectura singular, o edificio do Cenima levántase no corazón do pintoresco barrio mariñeiro da Ribeira, fronte á ría.

Neste museo atoparás exposicións fotográficas continuas que te mergullarán no pasado da vila, e tamén outras itinerantes dedicadas á cerámica, á pintura e a diferentes disciplinas vinculadas á rexión.

Desde aquí podes achegarte a praia da Rapadoira ou, cara ao outro lado, camiñar polo paseo de Malates, un sendeiro en plena natureza á beira da ría.

Horario:

Inverno: luns a venres de 9.00 a 14.00h. Verán: luns a sábado de 10.00 a 14.00h e de 17.00h a 20.00h.

Teléfono: 982 132 426

CASTREXA



Vista da ría de Foz desde o paseo de Malates



Castro de Fazouro

15 min

2

CASTRO DE FAZOURO

43°36'13.9"N 7°17'55.5"W

Despois de visitar a vila de Foz achégate a Fazouro. Pouco antes de atopar o castro cruzarás a ponte sobre a desembocadura do río Ouro e a praia da Pampillosa, cun pequeno espazo dunar.

Nun acantilado sitúase o castro de Fazouro (s. I - III), o único escavado na zona e, ademais, conservado como museo ao aire libre. Desde

aquí a natureza ante os teus ollos é espectacular. A un lado, a praia de Arealonga. Ao outro, a costa acantilada e a bravura do mar.

Que máis ver?



Basílica de San Martiño de Mondoñedo

43°33'40.0"N 7°18'11.1"W

A 15 minutos de Fazouro, sen deixar o municipio de Foz, érguese esta igrexa. Está considerada a catedral conservada máis antiga de España, pois aquí naceu a sé episcopal mindoniense (s. IX).

Na actual construción observarás elementos dos s. X, XI e XII. Chamarán a túa atención os frescos románicos (s. XII) que verás no seu interior, os máis antigos de Galicia, así como o seu retablo pétreo (s. XI).

Horario:

Do 15 de xuño ao 15 de setembro:

Martes a sábado de 11.00 a 14.00h e de 16.00 a 20.00h.

Domingos de 10.00 a 15.00h.

Consultar para o resto do ano.

Teléfonos: 620 623 592 / 982 132 426




PEGADA INDUSTRIAL

Gozar e aprender fusiónanse nas experiencias de turismo industrial. Coñeces a prezada cerámica de Sargadelos? E como se pesca o bonito do norte?



Tranquilidade, calma e paz reinan en Sargadelos ¹⁰, en Cervo. A súa fábrica centenaria é un emblema da revolución industrial galega tal que, aínda hoxe, seguimos identificando o nome da aldea coa cerámica azul e branca que aquí seguen elaborando. Visitarás unha industria viva, pero tamén os restos dos antigos edificios do século XVIII.



Interior do barco-museo boniteiro "Reina del Carmen" (Burela)



Pezas feitas na fábrica de Sargadelos (Cervo)



As redeiras de Burela traballando

Do interior á costa. Olor a mar, multiculturalidade, murmurios, gaivotas e embarcacións preparadas para partir dan conta da importancia que a industria pesqueira ten aquí. En Burela , un dos portos máis importantes de Galicia, podes entrar nun auténtico barco boniteiro de madeira convertido en museo desde o ano 2000. Atracado no peirao,

mergúllate no ambiente de traballo diario dos mariñeiros, que preparan as súas embarcacións para saír a faenar.

Tamén en Burela, unha visita ás redeiras, un oficio de terra indispensable para o mar, completará unha experiencia que te interna no mundo da pesca para coñecerlo máis de preto.

 Rutas de entre 1 e 2 horas
 Rutas de entre 2 e 3 horas


Fábrica de
Sargadelos

10 A CERÁMICA DE SARGADELOS

Pasado e presente industrial
na emblemática aldea

- Sargadelos é nome de cerámica. Falar desta firma é falar de máis de 200 anos de historia, de cultura, de industria e de Galicia. A Real Fábrica de Louza fundouse en 1806 nesta aldea de Cervo e hoxe forma parte da memoria colectiva dos galegos, principalmente pola súa contribución ao desenvolvemento cultural de Galicia. Do antigo complexo industrial (s. XVIII) quedan os restos dos altos fornos, a presa da auga e o pazo do seu promotor, Antonio Raimundo Ibáñez, que foron declarados Conxunto Histórico-Artístico.





- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media - alta
- **TEMPO TOTAL**
1h 45 min

Que máis ver?



Paseo dos Namorados

📍 43°39'38.1"N 7°24'16.4"W

Este paseo pola natureza, que podes facer en 15 minutos, comeza nos restos das antigas construcións do complexo e chega ata a presa. Entre unha canle e o río discorre este camiño ao que adoitaban escapar os namorados pola súa beleza. O son da auga será o teu perfecto acompañante.

1

FÁBRICA DE SARGADELOS

📍 43°40'02.0"N 7°24'12.3"W

Vivir o proceso de elaboración desta cerámica é unha experiencia única. Podes percorrer o corazón da factoría (de balde) escoitando a un dos seus traballadores, quen che explicará as fases polas que pasan as miles de pezas que a diario saen de Sargadelos. O proceso industrializado combínase co agarimo da parte máis artesanal. Orixinalidade e coidado definen esta porcelana, decorada e rematada á man para a súa venda.

Antes de marchar, desde as alturas, poderás deleitarte coa curiosa planta circular da vella fábrica, onde agora se visita a galería de exposición e venda.

Horario:

Fábrica: Luns a venres de 8.30 a 14.00h.
Galería: Luns a venres de 10.00 a 13.30h e de 16.00 a 19.00h.
Sábados e festivos: de 11.00 a 14.00h e de 16.30 a 19.00h.
Teléfono: 982 557 841

🚗 3 min

2

MUSEO HISTÓRICO DE SARGADELOS

📍 43°39'40.6"N 7°24'16.5"W

Situado na Casa da Administración do antigo complexo, o museo funciona como centro de interpretación onde coñecer a evolución da fábrica, a historia e o patrimonio de Sargadelos.

Asómate aos balcóns do museo. Son unhas verdadeiras ventás abertas á tranquilidade que se respira neste recuncho. Desde aquí tamén verás os restos das vivendas dos operarios (s. XVIII).

Horario:

Outubro a marzo: de 10.00 a 14.00h e de 16.00 a 18.00h.
Abril a setembro: de 10.30 a 14.00h e de 17.00 a 19.00h.
Teléfonos: 982 557 905 / 630 523 621

11

A PESCA DO BONITO EN BURELA

Entra nun auténtico barco boniteiro

- Burela vive do mar. O seu porto é o de maior volume e variedade de capturas da provincia de Lugo e a súa lonxa a terceira de Galicia en vendas. A vila é coñecida pola pesca do bonito do norte. Descubre un verdadeiro barco boniteiro e, se estás aquí o primeiro sábado de agosto, vive a Feira do Bonito, unha cita gastronómica ineludible para degustar este saboroso produto.



Barco-museo boniteiro "Reina del Carmen"



Pequeno museo de artes de pesca no interior do barco





- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Media
- **ACCESIBILIDADE**
Baixa
- **TEMPO TOTAL**
2h 10min

2 min

5 min

1

2

BARCO - MUSEO BONITEIRO "REINA DEL CARMEN"

📍 43°39'33.6"N 7°21'13.7"W

O "Reina del Carmen" é un barco boniteiro orixinal (1967), o único de madeira que se conserva en Galicia. Foi restaurado para convertelo nun museo no que coñecer de primeira man a pesca do bonito e como vivían os seus mariñeiros.

Como bo mariñeiro, desde o peirao cruzarás unha pasarela para subir ao barco e logo percorrer os seus compartimentos. A cuberta, a cociña, o comedor e o baño, os camarotes e o dormitorio do patrón, o motor, o timón,... No espazo da neveira para almacenar o peixe, visitarás un pequeno museo de artes de pesca, aprendendo a distinguir entre as sostíbeis co medio e as que non o son.

Ten en conta que o paseo polo barco consiste en subir e baixar escaleiras, polo que non é accesible para todas as persoas.

Horario:

Luns a venres: de 10.00 a 14.00h. Verán: tardes e fins de semana.

Teléfono: 982 580 609
Consultar prezo.

ASOCIACIÓN DE REDEIRAS CABO BURELA

📍 43°39'28.0"N 7°21'00.1"W

Dirixete cara ao final do peirao, respirando o olor a mar e vendo como traballan nos barcos. Chegarás á nave das redeiras, mulleres que tecen artesanalmente as redes. Elas contaránche os segredos do seu oficio mentres traballan. Tamén verás como foron evolucionando os aparellos usados ao longo da historia. Agora elas elaboran peque-

nas artesanías como pulseiras ou broches, por se queres marchar cun fermoso recordo de inspiración mariñeira.

Horario:

Luns a venres: 16.00h.
En grupo: reservar con antelación, con posibilidade de concertar outra hora.

Teléfono: 608 298 933
Consultar prezo.

Que máis ver?

Monte Castelo

📍 43°38'56.8"N 7°22'01.5"W

Subir ao monte Castelo (320 m) é un pracer para os sentidos. Moi preto da liña de costa (a tan só 15 minutos en coche), o miradoiro conta cunhas fantásticas vistas. Desde este tranquilo lugar identificarás o porto que deixaches atrás, o faro Pena Burela no medio do mar e a vila aos teus pés.



As mans que traballan as redes



OLLADA

Á ARQUITECTURA

Deléitate co patrimonio arquitectónico da zona. Pazos, edificios relixiosos como a catedral de Mondoñedo e infinitos exemplos de casas indianas bañan coa súa singularidade a paisaxe galega.



Torre dos Moreno
(Ribadeo)



Estatua do
escritor Álvaro
Cunqueiro
(Mondoñedo)



Descubre os cascos históricos máis senlleiros da comarca. Explorar cada recuncho, ir de compras ou de tapas, gozar da gastronomía cos mellores produtos do mar e da terra,... Son só algunhas das posibilidades que terás en vilas tan diferentes como Ribadeo, na costa, e Mondoñedo, no interior.

Ribadeo ¹² levántase mirando á súa ría. Destaca polas rúas estreitas da zona vella que nos levan ata

o porto. E, sobre todo, polos numerosos exemplos de arquitectura indiana que enchen de cores o centro. Estas rechamantes casas semellan querer levarnos ata América, a terra á que emigraron tantos e tantos galegos, e cuxa arquitectura se propuxeron imitar.

Probablemente a vila cun dos legados históricos e culturais máis importantes de Galicia sexa Mondoñedo ¹³. Son numerosos os edificios monumentais que poderás atopar, coroados pola súa catedral (s. XIII). Un casco histórico empedrado onde se respira un ambiente tranquilo e relaxado está esperando a que o percorras e o descubras paso a paso.

- Rutas de entre 1 e 2 horas
- Rutas de entre 2 e 3 horas

Praza da Catedral
(Mondoñedo)





A arquitectura da Torre dos Moreno destaca na praza de España

O RECORDO INDIANO

A arquitectura de Ribadeo fala de dous mundos

- Cada paso por Ribadeo ten unha cor diferente grazas ao recordo dos indios. Aqueles emigrantes que retornaron cunha importante fortuna tras a súa aventura americana (Cuba ou México sobre todo) deixaron unha importante pegada na paisaxe urbana da vila. Coas últimas tendencias de comezos do século XX, desde o *art nouveau* ao rexionalismo, pintorescos e ben conservados, os edificios e xardíns da vila son o mellor exemplo de arquitectura indiana de toda Galicia. Con todo, nas aldeas e nos municipios veciños tamén hai abondosos exemplos, con casas que chamarán a túa atención ao pasar.

Que máis ver?



Miradoiro de Santa Cruz

📍 43°31'39.8"N 7°03'45.2"W

O monte de Santa Cruz, a escasos 3 quilómetros do centro, convértese nun bo miradoiro da ría e da vila. Conta tamén cunha área recreativa na que pasar un tempo agradable. Se chegas aquí o primeiro domingo de agosto podes unirte á Xira de Santa Cruz, Festa de Interese Turístico Nacional na que os romeiros celebran o Día da Gaita.



- **PERCORRIDO**
Por vila
- **DIFICULTADE**
Baixa
- **ACCESIBILIDADE**
Media
- **TEMPO TOTAL**
1h 20 min

Xardíns da
Casa de Sela

 No barrio de
San Roque
levántanse as
casas indianas
máis chamativas

5 min

5 min

2 min

1

PRAZA DE ESPAÑA

43°32'10.3"N 7°02'23.2"W

A axardinada praza de España é o lugar perfecto para comezar o paseo polo centro de Ribadeo. A Torre dos Moreno (1905) é o edificio máis emblemático. De estilo modernista, cunha fachada de fantasía e unha pequena e brillante cúpula con tellado de cerámica vidrada, non deixa indiferente a ningún.

Á dereita da Torre atopamos a sede do Concello, o pazo dos Ibáñez (s. XVIII). De estilo neoclásico, foi construído por Antonio Raimundo Ibáñez, fundador da recoñecida fábrica de Sargadelos. Na mesma praza podes ver o convento de Santa Clara (s. XIII), cunha afamada repostería, e a igrexa de Santa María do Campo (s. XIV).

2

RÚA RODRÍGUEZ MURIAS

43°32'13.3"N 7°02'31.0"W

Esta rúa é o corazón comercial da vila. Mentres paseas podes ver algúns dos edificios máis representativos da arquitectura indiana, así como gozar do seu ambiente, ir de compras ou tomar unhas tapas nas súas terrazas.

3

BARRIO DE SAN ROQUE

43°32'15.5"N 7°02'42.8"W

Continuando a rúa Rodríguez Murias chegarás a este barrio indiano por excelencia, con edificios de 1870 construídos polos primeiros emigrantes retornados. Destacan sobre todos os do final da rúa á esquerda. Son vivendas ben diferentes das casas tradicionais: amplas, grandes ventanais, torres, balcóns e coidados xardíns. De todas elas sobresa A Calzada, art nouveau ben notable en pleno centro de Ribadeo.

4

CASA DE SELA E XARDÍN DE INDIANOS

43°32'15.2"N 7°02'51.4"W

A Casa de Sela (1869), con galerías de estilo indiano e un miradoiro sobre a planta superior, respecta tamén a arquitectura tradicional galega, empregando granito na súa edificación. O Parque dos Indianos, homenaxe aos emigrantes ribadenses, mestura arbustos de Galicia e de América, ofrecendo unha auténtica explosión de cores.

As Catedrais





13 A RIQUEZA DE MONDOÑEDO

Capital histórica e monumental da Mariña Lucense

► Quererás ver todo en Mondoñedo. Calquera veciño recomendarache a visita aos diferentes monumentos da zona vella, vinculados á vida relixiosa do lugar. En pouco tempo percorrerás a pequena gran vila, de ilustres escritores e terra de bo pan, ricas empanadas e tortas. Saborea os produtos das panaderías e pastelerías mindonienses e visita os recunchos imprescindibles do lugar: a Catedral e o barrio dos Muíños.

Ponte do Pasatempo no barrio dos Muíños



A Fonte Vella na entrada ao barrio dos Muíños



A estatua de Cunheiro, escritor nado na vila, mira cara á Catedral



Que máis ver?



Cova do Rei Cintolo

📍 43°23'38.8"N 7°22'17.6"W

En Supena, a 7 quilómetros do centro, sitúase esta cova, unha auténtica xoia. Consérvase no seu estado natural e internarse nas súas galerías supón unha experiencia inesquecible. Unha paisaxe de estalactitas, estalagmitas, ríos e lagos subterráneos que farán as delicias dos máis aventureiros.

Horario:

Venres a domingo: 12.00 e 17.00h.

Mércores a domingo en verán.


Visitas guiadas.

Pechada de decembro a marzo.

Teléfono: 982 507 177

Consultar prezo.

Entrada prohibida a menores de 12 anos.



• PERCORRIDO

Por vila

• DIFICULTADE

Baixa

• ACCESIBILIDADE

Media

• TEMPO TOTAL

2h

🚗 5 min

🚶 10 min

1

PRAZA DA CATEDRAL

📍 43°25'41.1"N 7°21'47.5"W

A catedral de Mondoñedo (s. XIII) é o símbolo máis representativo da vila, declarada Monumento Nacional en 1902. Sabes que a chamada catedral "axeonllada" pola súa pouca altura e proporcións perfectas. Fíxate no rosetón da fachada e do efecto que no seu interior fan as vidreiras de cores.

É case obrigado degustar a torta de Mondoñedo. Podes facelo, entre outros locais,

no Rei das Tartas en fronte da Catedral, e has ver que se inspiraron no rosetón para a súa decoración.

Senta con Álvaro Cunqueiro (1911-1981), natural da vila e un dos escritores máis representativos da literatura galega do século XX, para contemplar o tranquilo discurrir da praza e o pintoresco conxunto de casas de soportais e galerías brancas.

2

BARRIO DOS MUÍÑOS

📍 43°25'32.5"N 7°21'27.8"W

Deixando atrás a praza, pasa xunto á Fonte Vella (s. XVI) para entrar neste barrio, no que aínda se conservan varios oficios tradicionais: o zoqueiro, o titiriteiro e a alfareira, que organizan visitas guiadas.


Pasea por esta pequena Venecia mindoniense, onde a auga do río que baixa da montaña se canalizou para construír os seus famosos muíños. Tamén

aquí atoparás a ponte do Pasatempo, de orixe medieval e asociada á lenda do mariscal Pardo de Cela (ver páxina 18). Este señor feudal foi executado en 1493 na praza da Catedral, onde un monólito nos recorda este feito histórico. Dise que nesa ponte entretiveron á súa muller (de aí o nome) para que non chegara a tempo co indulto dos reis para salvalo.

PRAIAS E MIRADOIROS

Ao longo do litoral atoparás praias para todos os gustos. Para deleitarte coa paisaxe, podes visitar os miradoiros. A maioría están preto da costa e dan conta da inmensidade deste mar.





■ PRAIA URBANA

Situada nunha contorna urbana moi transformada, de boa accesibilidade e de uso moi intenso.

■ PRAIA PERIURBANA

Situada nunha contorna parcialmente transformada, próxima a núcleos urbanos, accesible e alta afluencia de visitantes.

■ PRAIA RURAL

Situada nunha contorna rural pouco transformada, accesible e de uso moderado.

Cervo

- 1 ■ Limosa
- 2 ■ O Torno
- 3 ■ Cubelas
- 4 ■ Caosa

Burela

- 5 ■ A Marosa
- 6 ■ Ril
- 7 ■ Cabaliño
- 8 ■ O Portelo
- 9 ■ Chouza
- 10 ■ Cantiño

Foz

- 11 ■ Areoura
- 12 ■ Os Alemáns
- 13 ■ Xuncos
- 14 ■ As Polas
- 15 ■ Arealonga
- 16 ■ Pampillosa
- 17 ■ Sarrido
- 18 ■ Peizás
- 19 ■ Llas
- 20 ■ A Rapadoira
- 21 ■ Fondás

Barreiros

- 22 ■ Punta Angueira
- 23 ■ Altar
- 24 ■ San Bartolo
- 25 ■ Acantilado-Remior
- 26 ■ Coto
- 27 ■ Pena da Salsa
- 28 ■ Oliñas
- 29 ■ Fontela-Balea
- 30 ■ Lóngara
- 31 ■ A Pasada
- 32 ■ Arealonga
- 33 ■ Moledo
- 34 ■ A Malata

Ribadeo

- 35 ■ As Catedrais
- 36 ■ Esteiro
- 37 ■ Illas
- 38 ■ Os Castros
- 39 ■ Areosa
- 40 ■ Cargadoiro
- 41 ■ Os Bloques

PICO DA FROUXEIRA

43°32'12.5"N 7°21'20.0"W



PENABOR

43°31'45.2"N 7°13'35.5"W



A VELÑA

43°25'18.0"N 7°15'50.1"W





Praia Arealonga (Foz)

Torre da Homenaxe (Alfoz)



Vilanova de Lourenzá

Información de utilidade

OFICINAS DE TURISMO

Alfoz

- ☎ A Seara s/n. 27773 Alfóz
- ☎ 982 558 581
- 🌐 www.concellodealfoz.info

Barreiros

- ☎ Vila, 63. San Cosme 27790 Barreiros
- ☎ 982 134 400
- 🌐 www.concellodebarreiros.com

Burela

- ☎ Porto Pesqueiro s/n 27880 Burela
- ☎ 982 580 609
- 🌐 www.burela.org

Cervo (concello)

- ☎ Estrada Sargadelos, 22 Viladesuso. 27888 Cervo
- ☎ 982 557 777
- 🌐 www.concellodecervo.com



Praia das Catedrais (Ribadeo)

Foz

- ☎ Paseo da Ribeira s/n (Edificio Cenima) 27780 Foz
- ☎ 982 132 426
- 🌐 www.concellodefoz.es

Lourenzá (concello)

- ☎ Praza do Conde Santo s/n 27760 Lourenzá
- ☎ 982 121 552
- 🌐 www.concellodelourenza.gal

Mondoñedo

- ☎ Praza da Catedral, 34 27740 Mondoñedo
- ☎ 982 507 177
- 🌐 www.concellomondonedo.es

Ribadeo

- ☎ D. Gamallo Fierros s/n 27700 Ribadeo
- ☎ 982 128 689
- 🌐 www.ribadeo.gal



Faro de punta Atalaia (San Cibrao, Cervo)



Catedral de Mondoñedo

MUSEOS, CENTROS DE INTERPRETACIÓN E OUTROS RECURSOS

Museo Histórico de Sargadelos

- ☎ Casa da Administración s/n As Fábricas - Sargadelos 27891 Cervo
- ☎ 982 557 905
- ☎ 982 523 621

Museo Provincial do Mar

- ☎ Avenida da Mariña, 27 San Cibrao. 27890 Cervo
- ☎ 982 594 572

Centro de Interpretación da Faba

- ☎ Praza do Conde Santo s/n. Vilanova de Lourenzá 27760 Lourenzá
- ☎ 982 121 006

Centro de Interpretación da Mariña

- ☎ Paseo da Ribeira s/n 27780 Foz
- ☎ 982 132 426

Parque Etnográfico da Auga Finca Galea

- ☎ Castro de Ouro s/n 27776 Alfóz
- ☎ 982 571 236

Mosteiro de San Salvador - Museo de Arte Sacra

- ☎ Praza do Conde Santo s/n. Vilanova de Lourenzá 27760 Lourenzá
- ☎ 982 121 104

Fábrica de Sargadelos

- ☎ Paraño s/n 27891 Cervo
- ☎ 982 557 841

Carpintería de ribeira Francisco Fra Rico

- ☎ Praia de San Cibrao, 22 San Cibrao 27890 Cervo
- ☎ 677 595 676

Asociación de Redeiras Cabo Burela

- ☎ Avenida da Mariña s/n 27880 Burela
- ☎ 608 298 933

FESTAS DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO

Festa do Ourizo de Cervo

- ☎ Finais de febreiro ou comezos de marzo

Feira do Bonito de Burela

- ☎ Primeiro sábado de agosto

Festival Internacional do Emigrante (Barreiros)

- ☎ Primeiro sábado de agosto

Festas da Santa Cruz (Ribadeo)

- ☎ Primeiro domingo de agosto

Festas patronais de San Lourenzo (Foz)

- ☎ 10 de agosto

Festa da Maruxaina de San Cibrao (Cervo)

- ☎ Segundo sábado de agosto

Queimada Popular de Cervo

- ☎ Sábado seguinte ao 16 de agosto

Festa da Faba de Lourenzá

- ☎ Primeiro domingo de outubro

As San Lucas (Mondoñedo)

- ☎ Ao redor do 19 de outubro

Porto de Burela



INFORMACIÓN SANITARIA

- ☎ Urgencias médicas ☎ 061
- ☎ Atención sanitaria Sergas ☎ 902 400 116
- ☎ Hospital da Costa (Burela) ☎ 982 589 900 / 982 589 988

SEGURIDADE CIDADÁ

- ☎ Emerxencias ☎ 112
- ☎ Garda Civil ☎ 062
- ☎ Policía Local ☎ 092
- ☎ Incendios forestais ☎ 085

OUTROS SERVIZOS

- ☎ Renfe ☎ 902 320 320
- ☎ Estación de Tren FEVE ☎ 982 130 739
- ☎ Estación de autobuses de Ribadeo ☎ 982 128 042
- ☎ Estación de autobuses de Burela ☎ 982 585 886
- ☎ Taxis Ribadeo ☎ 982 128 111

alén das CATEDRAIS...

Rutas para descubrir este recanto de Galicia



Visitar As Catedrais

Durante os meses de verán (do 1 de xullo ao 30 de setembro) e en Semana Santa é preciso solicitar unha autorización. Esta é gratuita e pódese conseguir online na web <http://ascatedrais.xunta.es>



Mapa de RUTAS

● Rutas de entre 1 e 2 horas ● Rutas de entre 2 e 3 horas

MAR E NATUREZA INFINITA

- P.06 **1 A ría azul de Ribadeo**
 - Faro de illa Pancha ● Forte San Damián ● O Cargadoiro ● Capela de San Miguel ● Porto deportivo
- P.08 **2 Das Catedrais a Rinlo**
 - Praia Os Castros ● Cetaria
- P.10 **3 De Rinlo a illa Pancha**
 - Rinlo ● Castro da Piñeira ● Castro das Grovas ● Faro de illa Pancha
- P.12 **4 Barreiros é mar**
 - Punta do Castro ● Punta Corveira ● Praia Fontela
- P.14 **5 Rinlo, berce do percebe**
 - Cetaria ● Barrio mariñeiro ● Casa de don Inocencio

PERCORRIDOS POLA HISTORIA

- P.18 **6 Os pasos do mariscal Pardo de Cela**
 - Torre da Homenaxe ● Museo da Auga de Finca Galea
- P.20 **7 Historia e mar en San Cibrao**
 - Museo Provincial do Mar ● Praia Cubelas ● Faro de punta Atalaia
- P.22 **8 Lourenzá, a terra da faba**
 - Centro de Interpretación da Faba ● Mosteiro de San Salvador
- P.24 **9 A cultura castrexa na Mariña**
 - Centro de Interpretación da Mariña ● Castro de Fazouro

PEGADA INDUSTRIAL

- P.28 **10 A cerámica de Sargadelos**
 - Fábrica de Sargadelos ● Museo Histórico de Sargadelos
- P.30 **11 A pesca do bonito en Burela**
 - Barco-museo bonitoiro “Reina del Carmen” ● Asociación de Redeiras Cabo Burela

OLLADA Á ARQUITECTURA

- P.34 **12 O recordo indiano en Ribadeo**
 - Praza de España ● Rúa Rodríguez Murias ● Barrio de San Roque ● Casa de Sela e xardín de indianos
- P.36 **13 A riqueza de Mondoñedo**
 - Praza da Catedral ● Barrio dos Muíños

